



“PROGRAMA REACTIVA MORAÑA”

Beneficiarios e requisitos:

- Persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica, legalmente constituídas que leven a cabo actividades empresariais que motivan a concesión da subvención.
- Persoa autónoma, microempresa ou pequena empresa, definidas polo Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, de 17 de xuño de 2014.
- Que a actividade que desenvolven se vise afectada polo peche de establecementos, ou que sufrirá unha redución da súa facturación de polo menos o 50%.
- Que a actividade non se vira compensada por un incremento da facturación mediante un incremento do volumen de negocio online ou telefónico.
- Estar dado de alta en Seguridade Social e Facenda no momento da presentación da instancia.
- Que o domicilio fiscal ou local de desenvolvemento da actividade se atopen no termo municipal de Moraña.
- Non atoparse incurso en ningunha circunstancia recollida no artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.
- Estar ao corrente coas obrigas tributarias con Facenda Estatal, Xunta de Galicia, Seguridade Social e non ter débeda pendente co Concello de Moraña.
- Ter xustificado calquera subvención concedida con anterioridade polo concello.
- Quedan excluídas as entidades públicas, asociación, fundacións e entidades sen ánimo de lucro, así como o persoal autónomo colaborador.
- As agrupacións ou comunidades de bens non poderán disolverse ata o prazo previsto nos artigos 32 e 67 da LSG.

Contía das axudas ata esgotaren o crédito de 100.000,00€:

- 900,00€ para aquelas persoas físicas e xurídicas, con ou sen traballadores ao seu cargo, cando a actividade que desenvolvan estivese afectada polo peche de establecementos.
- 400,00€ para aquelas persoas físicas e xurídicas con ou sen traballadores, que non se viron afectadas polo peche de establecementos, **a condición de que sufran una redución da súa facturación no mes anterior á solicitude desta subvención de polo menos o 50%, en relación coa media no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma, ou tendo en conta o período de actividade.**
- O importe non poderá superar a diminución de ingresos da actividade como consecuencia da crise provocada polo coronavirus, sumando o importe desta subvención, doutras subvencións e ingresos e recursos para a mesma finalidade.

Concorrenza con outras subvencións:

- Non poderán concederse a empresas dos sectores da pesca e acuicultura, produción agrícola, nin de actividades de exportación, nin de axudas condicionadas á utilización de produto nacional.

Prazo e forma de presentación:

- A través do modelo de solicitude normalizada, na Sede Electrónica da páxina web do concello de Moraña.
- Prazo de 20 días hábiles dende o día seguinte ao 12 de xuño de 2020, data de publicación no BOPPO do extracto da convocatoria.



Documentación requerida:

- DNI da persoa solicitante.
- Certificado da situación censal da actividade económica coa data de alta, domicilio fiscal ou do local de desenvolvemento da actividade.
- Resolución de alta no RETA ou Mutua Profesional.
- Informe de vida laboral da empresa co número de traballadores a 1 de marzo de 2020.
- Certificado do número de conta bancario para o ingreso da subvención.
- Declaración xurada no modelo normalizado.
- Certificados de acharse ao corrente coas obrigas tributarias coa AEAT, coa Xunta de Galicia e fronte á Seguridade Social.
- No caso de non ser unha actividade afectada polo peche de establecementos, declaración xurada da redución da facturación en polo menos un 50%, acompañada de documento xustificativo: copia do libro de rexistro de facturas emitidas e recibidas, ou libro diario de ingresos e gastos, ou libro de vendas e ingresos e libro de compras, ou por calquera medio de proba admitido en dereito.
- **No caso de persoa xurídica, adxuntárese ademáis:** CIF, contrato e escritura de constitución, acreditación dos poderes da persoa administradora e da persoa que presenta a solicitude, de non ser a mesma, DNI do administrador/a.

Obrigas dos beneficiarios:

- Manter a actividade durante 3 meses, como mínimo, a partir do día seguinte ao da publicación da resolución da concesión da subvención.
- Someterse as actuación de control financeiro e comprobación previstas.
- Reintegrar os fondos no case de falsedade ou incumprimento.
- As restantes obrigas do artigo 11 da Lei de Subvencións de Galicia.

Fase de Xustificación:

- O control das obrigas farase de oficio polo Servizo de Intervención.
- No cuarto mes dende o día seguinte á concesión da axuda, presentar o certificado actualizado de Situación Censal da Actividade, Alta na SS e Informe de Vida Laboral da empresa dos 3 meses posteriores á concesión.